



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

PLAN DE CONTINXENCIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA ANTE O COVID-19 (SARS-CoV-2)

Actualización: 12-03-2020

Este plan está en revisión permanente en función da evolución dos feitos e da nova información de que se dispoña.

PLAN DE CONTINXENCIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA ANTE O COVID-19 (SARS-CoV-2)

1. OBXECTIVO

Este plan de continxencia recolle as diversas actuacións que a Universidade da Coruña previu e adoptou ante o coronavirus COVID-19 (SARS-CoV-2).

Este plan está en revisión permanente en función da evolución dos feitos e da nova información de que se dispoña respecto da enfermidade e das instrucións que se reciban das autoridades competentes.

2. ÓRGANOS COMPETENTES

O reitor da Universidade da Coruña é o único órgano da Universidade da Coruña competente para acordar a aplicación das medidas contidas neste plan de continxencia, en función das instrucións que se reciban das autoridades sanitarias (Consellaría de Sanidade da Xunta de Galicia e Ministerio de Sanidade) e doutras autoridades competentes.

Constitúese o Grupo de Seguimento COVID-19 para asistir ao reitor na adopción e o seguimento das medidas contidas neste protocolo. Este comité está integrado por:

- o secretario xeral,
- a vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade,
- o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente,
- a vicerreitora de Internacionalización e Cooperación,
- a vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social,
- o adxunto ao reitor para TIC,
- o xerente,
- a xefa do Gabinete de Comunicación,
- o xefe do Servizo de Prevención de Riscos Laborais,

- un representante do estudantado e
- un representante do PAS

Convidarase ás reunións aos cargos e ao persoal que se considere conveniente en función dos asuntos que se deban tratar.

O reitor da Universidade da Coruña, ou a persoa que designe en cada caso, será o interlocutor da Universidade no relativo ás actuacións derivadas deste plan, tanto a nivel interno (cos membros da comunidade universitaria e cos órganos de goberno) como externo (cos medios de comunicación).

3. PRINCIPIOS

A Universidade adoptará as medidas que as autoridades competentes recomenden en cada caso, de acordo cos seguintes principios e previsións:

- ✓ Seguiranse sempre as indicacións das autoridades sanitarias e das autoridades e do persoal de emerxencias.
- ✓ A adopción e aplicación das medidas farase conforme ao principio de proporcionalidade e de máximo respecto ás persoas, facendo prevalecer o principio de prevención.
- ✓ Procurarase non xerar alarma e proporcionar información precisa, uniforme e transparente mediante un apartado especial na páxina web da Universidade da Coruña que estará permanentemente actualizado:

<https://www.udc.gal/gl/prl/vixilancia/coronavirus-2019-ncov/>

4. ACTUACIÓNS EN CASO DE DETECCIÓN DALGÚN CASO DE COVID-19 (SARS-CoV-2) EN MEMBROS DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

- 4.1. Como enfermidade de declaración obrigatoria que é o COVID-19, calquera persoa que presente síntomas ou sospeite que poida estar infectado, deberá seguir os protocolos establecidos pola Xunta de Galicia e avisar ás autoridades sanitarias chamando ao 061 ou ao 900 400 116. Deberá, ademais, absterse de asistir á Universidade da Coruña mentres as autoridades sanitarias non llo autoricen.
- 4.2. Os membros da comunidade da Universidade da Coruña que dean positivo nesta doenza ou que estean afectados por medidas de confinamento e/ou corentena comunicaranllo á Universidade de forma inmediata, sempre que lles sexa posible, mediante un correo electrónico ao enderezo info.covid@udc.gal
- 4.3. Se un membro da comunidade da Universidade da Coruña presenta síntomas durante a súa estancia nun

local da Universidade, deberá comunicarllo á Dirección do centro quen o notificará a info.covid@udc.gal e ás autoridades sanitarias chamando ao 061 ou ao 900 400 116.

- 4.4. No caso de que se presente na Unidade de Vixilancia na Saúde do Servizo de Prevención da Universidade da Coruña (Edificio de Servizos Centrais de Investigación, campus de Elviña), algunha persoa da que se sospeite que está infectada polo virus SARS-CoV-2 (enfermidade COVID-19), seguiranse os protocolos establecidos polas autoridades sanitarias e procederase á súa comunicación ao Sergas.
- 4.5. No caso de que estudantes, PAS, PDI ou calquera outro persoal que estean a facer unha estadia de mobilidade na Universidade da Coruña resulten infectados polo virus SARS-CoV-2 (enfermidade COVID-19), adicionalmente ás actuacións que as autoridades sanitarias lle prescriban, a Oficina de Relacións Internacionais comunicarllo á Universidade ou institución de orixe e prestarase o apoio adecuado ás persoas afectadas.
- 4.6. Calquera comunicación de datos persoais resultante do proceso de xestión de alertas xestionarase conforme ás disposicións legalmente aplicables e comunicarse á delegada de Protección de Datos da Universidade da Coruña dpd@udc.gal

5. MEDIDAS ADOPTADAS MENTRES SE MANTEÑA A ALERTA SANITARIA

Mentres se manteña activada a alerta sanitaria polo COVID-19 (SARS-CoV-2), aplicaranse as seguintes medidas:

5.1. Desprazamentos de persoal vinculado á Universidade da Coruña

- 5.1.1. Seguindo as recomendacións do Ministerio de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e/ou do Goberno, e mentres dure a alerta sanitaria, non se autorizará ningunha viaxe ás zonas de risco. As devanditas zonas de risco son as identificadas polo Ministerio e aparecen recollidas nas ligazóns seguintes:

<https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/areas.htm>

<https://www.sergas.gal/saude-publica/Novo-coronavirus-nCoV-Vixilancia-control-Galicia>

O director/a de departamento, ou persoa responsable da autorización, deberá consultar previamente a listaxe de zonas de risco antes de conceder calquera petición de desprazamento dos membros do seu departamento. Só poderá autorizar aqueles desprazamentos que non se realicen a zonas de risco.

- 5.1.2. O persoal que estea desprazado en zonas de risco e non estea afectado por medidas de confinamento ou corentena deberá seguir as recomendacións das autoridades sanitarias e das institucións de

acollida. A Universidade da Coruña facilitaralle o apoio que requira en cada caso. Deberá dirixirse á Xerencia mediante un correo electrónico dirixido a info.covid@udc.gal

5.1.3. O persoal será responsable de obter as autorizacións administrativas necesarias para todo o seu desprazamento, así como de facer as comunicacións oportunas.

- ✓ Os/as directores/as de departamento ou os responsables de autorizar os desprazamentos procurarán que o seu persoal docente e investigador tramite oportunamente as comunicacións de todos os seus desprazamentos e manterán actualizada a relación de todos os desprazamentos autorizados comunicándoos ao director/a do centro ao que pertenza o PDI e á Xerencia mediante un correo electrónico dirixido a info.covid@udc.gal
- ✓ Os/as administradores/as de centro e os/as xefes/as de servizo serán as persoas responsables de tramitar e manter actualizada a relación do persoal de administración e servizos que se despraza. Comunicarán os desprazamentos á Xerencia a través dun correo ao enderezo info.covid@udc.gal

5.2. Acollida e recepción de persoas alleas á Universidade da Coruña

Seguindo as recomendacións do Ministerio de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e/ou do Goberno, e mentres dure a alerta sanitaria, non se autorizará a invitación e recepción de persoas que pretendan visitar a Universidade da Coruña provenientes de zonas de risco.

5.3. Actividades programadas nos centros

Para poder actuar adecuadamente no caso de que se decreten medidas de suspensión de actividades ou de peche de instalacións, mentres estea activada a alerta sanitaria polo COVID-19, deberán pórse en coñecemento das direccións de centro todas as actividades extraacadémicas programadas para os próximos 2 meses. Os centros comunicarán á Xerencia info.covid@udc.gal a relación das devanditas actividades.

5.4. Reunións

Na medida do posible, evítaranse as reunións de traballo e fomentárase o uso da videoconferencia.

5.5. Outras medidas

Seguindo as indicacións e recomendacións das autoridades competentes, o reitor adoptará as medidas que sexan necesarias, as cales se publicarán na páxina web da Universidade da Coruña.

A Universidade da Coruña implantará as medidas necesarias para garantir a avaliación de todos os estudantes que participan nos programas de mobilidade e intercambio.

6. SUSPENSIÓN DE ACTIVIDADES

6.1. O reitor acordará a suspensión –total ou parcial– de actividades académicas de conformidade coas recomendacións das autoridades competentes.

6.2. A resolución de suspensión de actividades académicas publicárase na páxina web da Universidade e comunicárase ás autoridades competentes e aos centros afectados.

6.3. A suspensión de actividades académicas comportará a suspensión da docencia presencial e a adopción de medidas de adaptación da actividade docente que serán detalladas nun documento específico.

As prácticas que teñan lugar fóra das instalacións da Universidade da Coruña manteranse en función da entidade externa.

6.4. Manteranse as obrigas do PDI e do PAS, que deberán continuar prestando os seus servizos, incluído o persoal adscrito a unidades que se pechen ao público, sen prexuízo das adaptacións que, en cada caso se acorden. No caso do PAS adoptaranse as medidas necesarias para compatibilizar o adecuado funcionamento dos distintos servizos e a conciliación da vida familiar facendo uso de medidas tales como o sistema de teletraballo, quendas flexibles, etc.

6.5. O PDI reforzará a asistencia e titorización dos estudantes a través do Campus Virtual e das ferramentas de comunicación en liña dispoñibles no portal axudaTIC (<https://axudatic.udc.gal/>). A organización de reunións co alumnado en instalacións da Universidade da Coruña realizarase segundo o acordo de suspensión da actividade.

6.6. Unha vez que remate o período de suspensión, a universidade reprogramará, sempre que sexa posible, todas as actividades académicas que resultasen afectadas. En todo caso garantirase o dereito de avaliación dos estudantes.

6.7. Sempre que sexa posible, reprogramaranse as actividades externas suspendidas.

6.8. Os centros serán os responsables de comunicar a suspensión das actividades ás persoas ou entidades que teñan previstas actividades en espazos da Universidade, e comunicaranllo á Xerencia

6.9. A comunicación da suspensión aos concesionarios será a cargo da Xerencia da universidade.

6.10. A comunicación da suspensión ás empresas responsables dos contratos de limpeza, mantemento, seguridade, xardinaría e outros será a cargo da Xerencia da Universidade da Coruña.

7. PECHE DE INSTALACIÓNS

- 7.1. O reitor acordará o peche total ou parcial das instalacións da Universidade da Coruña de conformidade coas recomendacións das autoridades competentes.
- 7.2. A resolución de peche publicarase na páxina web da Universidade e comunicarse ás autoridades competentes e aos centros afectados
- 7.3. O peche de instalacións comportará a suspensión de todas as actividades que leven a cabo, incluídas as probas, as oposicións, as lecturas de teses etc.
- 7.4. O PDI reforzará a asistencia e titorización dos estudantes a través do Campus Virtual e das ferramentas de comunicación en liña dispoñibles no portal axudaTIC (<https://axudatic.udc.gal/>). A organización de reunións co alumnado en instalacións da Universidade da Coruña realizarase segundo o acordo de suspensión da actividade.
- 7.5. En caso de peche, o reitor poderá declarar inhábil o período que corresponda mediante unha resolución que se publicará na Sede Electrónica da UDC.
- 7.6. Finalizado o período de peche, a universidade reprogramará, sempre que sexa posible, todas as actividades académicas que resultasen afectadas e as actividades suspendidas.
- 7.7. O peche de instalacións supón a prohibición de acceso, excepto para o persoal autorizado de conformidade con este plan de continxencia.
- 7.8. A Universidade determinará os servizos/áreas/unidades e postos indispensables que requiren a presenza de persoal en caso de peche. A Xerencia informará previamente aos representantes dos traballadores das medidas previstas e notificarállelas ás persoas afectadas. En todo caso garantirá a seguridade e a saúde destas persoas e facilitará todos os equipos e as medidas necesarias (información e formación, transporte, equipos de protección etc.).
- 7.9. A Xerencia informará aos representantes dos traballadores dos servizos/áreas/unidades e as persoas que, durante o período de peche, deben poder traballar a distancia, cos programas informáticos e as aplicacións que requiran, e notificarállelo ás persoas afectadas. En todo caso garantirá a seguridade e a saúde destas persoas e facilitará todos os equipos e as medidas necesarias (información e formación, equipos etc.).
- 7.10. En caso de peche de instalacións, a Xerencia levará a cabo as actuacións de coordinación necesarias coas empresas de mantemento e seguridade, para garantir o seu funcionamento adecuado. Se algún servizo/área/unidade tivese contratos de servizos afectados, deberá comunicarllo á empresa.
- 7.11. Os centros serán os responsables de comunicar o peche ás persoas ou entidades que tivesen previstas actividades en espazos da Universidade, e comunicaranllo á Xerencia

7.12. A comunicación do peche aos concesionarios será a cargo da Xerencia da Universidade da Coruña

8. REVISIÓN

Este plan de continxencia está en revisión permanente en función da evolución dos feitos e da nova información de que se dispoña. As modificacións publicaranse na páxina web da Universidade da Coruña.

9. PUBLICACIÓN

Este plan divulgarase entre toda a comunidade universitaria e publícase na páxina web da Universidade da Coruña. Manterase en vigor mentres estea activada a alerta sanitaria polo COVID-19 (SARS-CoV-2).

REFERENCIAS

Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social

<https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/home.htm>

<https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/ciudadania.htm>

<https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/areas.htm>

Servizo Galego de Saúde (SERGAS)

<https://www.sergas.gal/Saude-publica/Novo-coronavirus-2019-nCoV>

<https://www.sergas.gal/Saude-publica/Novo-coronavirus-nCoV-Vixilancia-control-Galicia>

Universidade da Coruña

<https://www.udc.gal/gl/prl/vixilancia/coronavirus-2019-ncov/>